



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de xullo de 2022
Duración	Desde as 19:30 ata as 22:22 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	NON
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ





Concello de Guitiriz

33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ
-----------	--------------------	----

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Por unanimidade dos seus asistentes, o pleno procedeu a aprobar a acta da sesión plenaria de data 26 de maio de 2022

Expediente 263/2022. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0
------------------	---

"Aprobación inicial da Ordenanza Reguladora de Tráfico do Concello de Guitiriz. Expte. 263/2022.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Por providencia da alcaldía de data 15/03/2022 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación da Ordenanza Reguladora de Tráfico do Concello de Guitiriz.

Visto o proxecto da Ordenanza reguladora de tráfico redactada polo Policía Local de Guitiriz.

Visto o informe do Policía Local de data 16/03/2022.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 17/03/2022.

Visto o informe de intervención municipal de data 17/03/2022 Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno da Corporación, cos votos favorables do PSOE e do BNG, e cos votos de abstención do PP, acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora de Tráfico do Concello de Guitiriz que se achega como ANEXO I.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a ordenanza se considerará definitivamente aprobada sen





Concello de Guitiriz

necesidade dun novo acordo plenario.”

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que unha ordenanza o que fai e desenvolver a lei, mais esta ordenanza parécenos un corta e pega da ordenanza de trafico do Concello de Monforte.

Unha vez vista e estudada imos nomear algúns artigos que cremos que se poden mellorar ou modificar:

Artigo 44 “Circulación de vehículos de tracción animal” pensamos que hai que matizalo pois estamos nun concello que sacando as dúas vilas é todo rural e incluso al vilas poderían catalogarse de rurais. En relación con este artigo no noso concello hai desprazamentos cabalares para eventos, mercados e feiras e non vai vir alguén detrás deles cunha carretilla recollendo os excrementos.

No artigo 48 “ Sinalización e utilización dos pasos de peóns” pero non se pode esixir aos peóns para que crucen por onde están mal plantexados ou ben sin pintar en condicións. Os pasos de peóns deben estar en perfecto estado para pode esixir que se cumpra a ordenanza que se pretende aprobar e polo tanto non debe dar pé a confusións.

Pensamos que é o policía local, o que ten que dar o visto e prace de onde se teñen que poñer e non ao libre albedrío non tanto pola necesidade sinon porque algunha persoa o pedira.

Artigo 57 “Horarios de carga e descarga”, cremos que se debe incluír aquelas establecementos que o soliciten a ampliar o horario de carga e descarga en domingo e festivos por motivos de traballo xa que na vila de Guitiriz hai locais que abren para servir a cidadanía os días de lecer.

Artigo 75 “Estacionamento de camións, autobuses e vehículos especiais”, no apartado tres establece “que os camións que se atopen baleiros non poderán aparcar a menos de 50 metros das vivendas habitadas ou de calquera establecemento salvo as propias do sector gandeiro ou industrias cárnicas”. Nós neste apartado tres incluíríamos aos vehículos do sector forestal por ser estes xunto co gandeiro os dous mais importantes do sector primario, en definitiva os que moven a economía deste concello.

Artigo 76 “Normas xerais, parking express” no apartado 2.a) nós propoñemos que o limite de tempo se amplíe a dúas horas e o horario sexa dende as 8:00 horas ata 14:00 horas de luns a venres, e dicir, que o tempo empece a contar a partir dende que o vehículo estaciona ata dúas horas e as tardes e noites non haxa medición.

Artigo 93 “Reservas de estacionamento a condutores con discapacidade”, nós pensamos que o apartado 4, onde di: “que a limitación non poderá ser inferior a 30 minutos” nos propoñemos que a limitación non sexa inferior a dúas horas.

Dende o Partido Popular de Guitiriz pensamos que ten que ser o policía local o encargado de facer un informe cada vez que se teña que instalar mobiliario urbano de distinto tipo como marquesiñas, bolardos, espellos etc., ademais que faga informe para pintada de sinais viarias como stop, pasos de peóns etc., e tamen onde se teñen que poñer e a canta distancia as sinais verticais.

Dicir tamén que o mobiliario urbano non pode impedir a visión dos condutores e dos letreiros.

O PP de Guitiriz esixe a limpeza dos letreiros que están cheos de mofo e verdin e en moitos casos e moi difícil a súa lectura.





Concello de Guitiriz

O voceiro do BNG di que dende o BNG entendemos que é necesaria unha ordenanza que regule o tráfico, esta moi ben o seu contido o que falla é a súa aplicación.

Ten Guitiriz ou Parga algun aparcadoiro para camións ou camións de transportes especiais ou perigosos?

A ordenanza fai falta, pero como dixen non hai aparcadoiros para camións e aquí hai moitos veciños que traballan con ese tipo de transporte e sería moi necesario dispor de algún terreo acondicionado para este tipo de transporte.

Non hai moito tempo trouxen ao pleno para que se puxeran bolardos nos aparcadoiros situados á beira dos pasos de peóns para facilitar a visibilidade aos vehículos e así evitar accidentes e aínda están sen poñer.

En definitiva, é moi bo ter unha ordenanza de tráfico pero si non se aplica como pasa con outras ordenanzas case é mellor non tela.

A Sra. Alcaldesa di que en primeiro lugar, para poder aplicar unha ordenanza primeiro hai que aprobala.

Esta ordenanza esta consensuada co policía local do concello xa que foi el quen a revisou, quen fixo as modificacións oportunas.

Todos esos cambios que propoñen non podemos aprobalos agora posto que non tivemos tempo de asesorarnos co policía local nin de estudalos cos meus compañeiros do equipo de goberno pero vai estar en exposición pública e durante ese tempo pódense presentar alegacións e as que sexan para mellorar podemos debatelas.

Eses informes dos que fala xa se fan, cada vez que se coloca un espello, unha sinal etc. pídese informe ao policía local.

Respecto ao aparcadoiro de camións é verdade que non hai ningún, pero si agora non o regulamos nesta ordenanza e si nalgún momento houbera algún tampouco estaría recollido nela.

O voceiro de PP di que eles so pretenden que se recollan os cambios que dixemos aquí posto que pode ser moi beneficioso para a veciñanza ao igual que os que propuxo o voceiro do BNG, por exemplo o dos camións, debendo ser o policía local quen informe destes cambios.

O voceiro do BNG di que o tema dos camións é moi importante e necesario.

En canto a aplicación da devandita ordenanza, da que falei antes, podo poñer como exemplo que o ano pasado aprobouse a de saneamento e non se esta aplicando, por iso dixen que de pouco vale ter unha ordenanza si logo non se aplica.

A Sra. Alcaldesa manifesta que ordenanza téñena a súa disposición dende fai meses, só se cambiou un par de artigos porque cambiou a lei e puideron ter feito as alegacións oportunas.

Si algún veciño/a presenta alegacións a ordenanza nós non imos consideralo como unha queixa, sinon como un enriquecemento da mesma, unha vez presentadas estudaranse e si melloran a norma incorporarémolas.

Votación: Aprobada cos votos a favor do PSOE e BNG e abstencións do PP

Expediente 1036/2020. Inventario ou Catálogo de Bens





Concello de Guitiriz

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>“Resolución do procedemento de investigación da titularidade da parcela 18 do polígono 370 no lugar de Pacelo-Pedrafita no Concello de Guitiriz. Expte 1036/2020.</p> <p>Os antecedentes máis relevantes do expediente son os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">-Solicitud de Rafael Romero Cabado co DNI 33326100C co E.R.E. nº1619 en data 13/05/2019.-Expediente administrativo de subsanación de discrepancias (nº 00436273.27/19) da Xerencia Territorial de Catastro do ano 2020. -Solicitud de Jesus Grandio López co DNI 33.833.818J en representación do MVMC de Pedrafita co E.R.E. nº 150 de data 14/05/2020.-Inventario xeral de bens e dereitos do concello de Guitiriz modificado en sesión plenaria do 29/03/2012. -Expediente administrativo de subsanación de discrepancias (nº 75516.27/10) da Xerencia Territorial de Catastro do ano 2011.-Expediente administrativo sobre recurso (nº 242.27/8) da Xerencia Territorial de Catastro do ano 2008.-Informe nº2020-156 de data 28/09/2020 do técnico municipal de medio ambiente-Providencia de alcaldía de data 7/10/2020 de incoar expediente de investigación de titularidade da parcela 18 do polígono 370 do Concello de Guitiriz, en base ao sinalado no informe nº 2020-156 de data 28/09/2020 do técnico municipal de medio ambiente, solicitando informe xurídico de secretaría sobre o pro procedemento a seguir. -Informe xurídico nº 2020-142 de data 07/10/2020.-Decreto n.º 2021-0234 de data 29/03/2021 donde se resolve: <p><i>“PRIMEIRO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento ao Técnico de medio ambiente deste Concello Jose Cornide Rio, e como secretario ao Secretario do Concello Rafael J. del Barrio Berbel, tendo en conta o establecido sobre a abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Comunicar o seu nomeamento aos funcionarios dándolle traslado de cantas actuacións existan no expediente tramitado habilitándoos para que realicen as actuacións necesarias.</i></p> <p><i>SEGUNDO.- Abrir un trámite de información pública por prazo dun mes para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito canto consideren conveniente para o seu dereito ante a Corporación, para o que achegarán todos os documentos en que baseen as súas alegacións. Publicarase o acordo de iniciación do procedemento de investigación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica do Concello de Guitiriz, e no taboleiro de anuncios do Concello.</i></p> <p><i>TERCEIRO.- Finalizado o prazo para presentar alegacións, abrirase un período de proba por un prazo de 15 días hábiles no que serán admisibles os seguintes</i></p>	





Concello de Guitiriz

elementos: Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados de acordo co Dereito, O recoñecemento e ditame pericial, A declaración de testemuñas.”

-Anuncio exposición publica no BOP de Lugo de data 10/04/2022 e na sede electronica do Concello de Guitiriz. -Alegacións presentadas por Dario Costa Silvosa de data 13/04/2021 e RE 2021-ERC-1580.

-Documentación achegada pola Dirección Xeral de Catastro reciba con data 22/04/2021 e RE 2021-E-RC-1728. -Cédulas de propiedade do ano 1952 procedentes do arquivo histórico provincial de Lugo.

-Traslado acordo de iniciación a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Dirección Xeral de Patrimonio do Estado. - Informe do técnico municipal do servizo de medio ambiente e instrutor do expediente de data 29/06/2021.

- Resolución da alcaldía nº 2021-0562 de data 12/07/2021 de nomeamento de novo secretario do procedemento.

- Traslado de actuacións con prazo de alegacións aos interesados.

- Alegacións presentadas por Dario Costa Silvosa de data 29/07/2021 e RE 2021-ERC-3280.

- Informe de alegacións do técnico municipal do servizo de medio ambiente de data 25/01/2022.

-Proba testifical de 7/02/2022.

-Informe do técnico municipal do servizo de medio ambiente e instrutor do expediente de resolución de alegacións e probas practicadas e tramite de audiencia previo a resolución do expediente de data 16/06/2022 do seguinte teor literal:(...)

-Informe xurídico de secretaría de data 20/07/2022.

Considerando o disposto na seguinte normativa de aplicación: a) Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas. b) Regulamento da citada Lei, aprobado por Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto. c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. d) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. e) Lei 5/1997, de administración local de Galicia. f) Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes acordou:

PRIMEIRO.- Resolver o expediente de investigación de titularidade da parcela 18 do polígono 370 no lugar de Pacelo-Pedrafita, concluíndo que hai indicios obxectivos suficientes para considerar que o terreo obxecto do expediente non é de titularidade





Concello de Guitiriz

municipal, de acordo co sinalado no acordo do instrutor do expediente de data 16/06/2022 e no informe xurídico do secretario da Corporación de data 20/07/2022.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados.”

Aberto o debate pola Presidente o voceiro do PP di que o catalogo permite describir os documentos, permite buscalos e permite localizar os documentos descritos e por iso é importante saber o que imos facer posto que é diferente inventario que catalogo. O inventario é un instrumento administrativo de control que informa sobre a posesión, perda e subtraccións de bens por iso o expediente 1036/2020 debe falar de inventario de bens e non de catalogo de bens.

Vistos os antecedentes administrativos, a lexislación aplicable, as consideracións emitidas, o exercicio de acción investigadora e o dereito de propiedade de bens de dominio público.

Visto o procedemento a seguir, tales como a apertura do expediente, publicación no BOP de Lugo, resolución de iniciación, tramite de exposición publica durante o prazo dun mes e sobre todo efectuadas as probas pertinentes e valoradas polos servizos da corporación municipal.

Como di o análise do expediente, o espazo publico existe e como tal aparece en documentos oficiais, non aparece no inventario municipal de bens polo que non existe unha posesión en favor do concello. Polo tanto, que se teñen en conta as testemuñas que din que chegou a existir partición da parcela entre varios veciños e que devandita parcela atopase repartida entre varios propietarios dende fai mais de 50 anos e que para o seu aproveitamento non foi preciso contar con autorización de ningunha administración tanto anterior ao ano 1975, moito antes da constitución dos Montes Veciñais en Man Común, como despois desa data.

Tamén podemos concluír en base a que di o instrutor que a parcela 18 do polígono 370 non é de titularidade municipal polo que entendemos que é dos veciños/as, é dicir, de titularidade privada a devandita finca sita na parroquia de Pedrafita no termo municipal de Guitiriz.

O voceiro do BNG di que visto o informe do técnico de medio ambiente esta parcela 18 do polígono 370 en Pedrafita non consta como ben de titularidade municipal, segundo este informe os expedientes administrativos da Xerencia Territorial do Catastro, o correspondente ao ano 2008 resolveuse o recurso presentado pola veciño de Pedrafita, Antonio Castro no que existe unha situación anterior da parcela con data 18.04.2008 na que a parcela propiedade do Monte Veciñal de Pedrafita a partir desa data a parcela consta a nome do Concello de Guitiriz como consecuencia da resolución do recurso.

No segundo expediente, tramitado sobre a emenda de discrepancias di que existe unha redución da superficie pasando de 119.689 m² a 99.919 m² con motivo da solicitude presentada por outro veciño Ramiro Freire Yañez mantendo o resto da superficie a nome do Concello de Guitiriz.

Tamén se di que no expediente de 2020 iniciado por Dario Costosa Silvosa acorda a non alteración da discrepancia da parcela que falamos xa que parece necesario un informe municipal no que se especifique claramente que a parcela en cuestión non é de titularidade municipal, suponse que os expedientes tramitados ante a Xerencia Territorial do Catastro así como as súas resolucións están baseados na documentación aportada anos atrás, tanto para o cambio de titularidade da parcela como para a emenda de discrepancias respecto da superficie.





Concello de Guitiriz

Ainda que a parcela non consta no inventario de bens é preciso investigar devandita propiedade para determinar a titularidade da mesma. Segundo os expedientes administrativos da Xerencia Territorial do Catastro a titularidade da mesma cambiou no ano 2008 pasando do Monte Veciñal en Man Común de Pedrafita ao Concello de Guitiriz.

Dende o BNG entendemos que é necesaria esa investigación.

A Sra. Alcadesa di que non é titularidade municipal porque no consta no inventario pero dende o concello colaboraremos en calquera investigación que se poda levar a cabo pero correspóndelle aos titulares implicados iniciar esta investigación.

Nós o que temos que resolver é que non figura no noso inventario, resolvemos este procedemento de investigación cos informes pertinentes que a lei indica e como non hai ningún indicio de que esa titularidade sea municipal o procedemento sinala que hai que traelo a Pleno para resolver o procedemento administrativo iniciado no 2020.

O voceiro do PP di que aquí estamos para dirimir si ese terreo é do concello ou é dos veciños/as e segundo os informes do técnicos do concello non consta no inventario entón é de titularidade privada, a partir de aquí os veciños/as terán que esclarecer de quen é.

O voceiro do BNG di que xa o din os informes que non é de titularidade municipal pero o concello terá que colaborar para facer unha investigación.

A Sra. Alcadesa di que aquí o que imos é resolver que esa parcela non é de titularidade municipal.

Votación: Aprobado por unanimidade.

Expediente 623/2022. Inventario ou Catálogo de Bens

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

“Modificación do inventario de bens municipais de camiños no lugar de BeloteParroquia de Lagostelle. Expte. 623/2022

Visto o seguintes antecedentes que constan no expediente:

Solicitud de Celeste Carreira Perez en representación de Maria Mercedes Basanta Regueiro con R.E.: 873 do 04/07/2022.

Inventario de camiños municipal de Guitiriz aprobado en sesión plenaria do 28/03/2019. Código camiño 04_1636 Referencia catastral Sen referencia catastral Lonxitude 132,53 mts. Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Inicio X: 591411,02 Y: 4781611,12 Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Final X: 591295,38 Y: 4781548,05

Informe do Técnico de medio ambiente do concello de Guitiriz nº 2022-0118 de data 15/07/2022.





Concello de Guitiriz

Informe xurídico de data 20/07/2022.

Considerando o establecido no artigo 17 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes, ACORDOU:

Primeiro.- Proceder a modificación dos datos correspondentes o camiño publico con nº 04_1636 incluído no inventario da seguinte maneira (achegase ficha correspondente) segundo o plano e o informe do técnico de medio ambiente de data 15/07/2022:

- Superficie: 614 m²
- Anchura: 4,6 m.
- Material: Aglomerado.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo a cantos interesados houberse no procedemento.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia do Concello de Guitiriz .”

Aberto o debate pola Presidente o voceiro do PP di que segundo consta no inventario de camiños aprobado en sesión plenaria de 28 de marzo de 2019 consta un camiño de titularidade municipal coas seguintes características: código do camiño 04-1636 lonxitude 132,53 metros. Consta no expediente número 876/2020 que se levaron a cabo actuacións nos 132,53 metros no camiño que consta no inventario municipal de Guitiriz.

O levantamento topográfico da superficie do camiño non concorda coa realidade sendo a superficie de 614 metros cadrados e unha anchura de 4,6 metros, mais os solicitantes o que propoñen é a cesión dunha porción de terreo de 268 metros cadrados e lonxitude de 63,5 para unir aun camiño público xa inventariado, por tanto procede a modificación dos datos correspondentes ao camiño publico 04-1636 quedando da seguinte maneira: superficie 614 metros cadrados, anchura 4,6 metros. Entón vendo a proposta da alcaldía, o informe de secretaria, os antecedentes e a lexislación aplicable e o procedemento respecto da modificación do inventario municipal segundo os artigos 33 e 34 do Real Decreto de Bens das Entidades Locais nos que se especifica que os inventario de bens se verificará anualmente e co Pleno da Corporación será o órgano competente para acordar a aprobación do inventario a súa rectificación e comprobación e consta informado favorablemente polo Secretario do Concello.

O voceiro do BNG di que se vai corrixir o ancho dun camiño publico, concretamente o 04-1636 do inventario de camiños do Concello que esta na parte alta do Perexil. Un ramal que ten a estrada que vai a Belote na súa vertente dereita, que realmente ten 4,60 metros de ancho e no inventario ven con 2 metros de ancho.

Parece que segundo o levantamento topográfico realizado na superficie do camiño que consta no inventario municipal non concorda coa realidade polo que esta claro que hai que modificalo.





Concello de Guitiriz

Entendemos que se esta a actuar na liña correcta polo que estamos a favor da modificación.

A Sra. Alcaldesa di que como se acaba de dicir, hai un erro no inventario polo que temos que modificalo para que conste correctamente.

Votación: Aprobado por unanimidade.

Expediente 630/2022. Modificación de Créditos

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 1, Ausentes: 0

“MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2022.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en Crédito Extraordinario e suplemento de crédito por importe de 97.283,39 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria ou a mesma é insuficiente, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais e en maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento xeral do 2022, previamente anulando parcialmente o expediente de crédito extraordinario 1/2022 por importe de 62.283,39 euros.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

O Pleno da Corporación, cos votos favorables do PSOE, os votos en contra do PP, e coa abstención do BNG, acordou o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a anulación parcial da modificación de crédito por crédito extraordinario 1/2022 polo importe de 62.283,39 euros, de acordo co detalle que se indica de seguido,

GASTOS





Concello de Guitiriz

DESCRICIÓN DO GASTO	IMPORTE	APLICACIÓN
BRIGADA DE PROTECCION DO MEDIO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL 2022 E MELLORA DA SENDA VERDE DENDE AS TOXEIRAS- LABRADA (GUITIRIZ) ATA A PIGAROA- MOMAN (XERMADE) DA AGRUPACIÓN GUITIRIZ – XERMADE. Fondo de Compensación Ambiental en concorrencia competitiva para o ano 2022. Recursos propios SUBVENCION DENEGADA	7.766,04€	170 22799
CONTINUACIÓN E MELLORA DA COMPOSTAXE DOMÉSTICA E COMUNITARIA NO CONCELLO DE GUITIRIZ. Actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal en concorrencia non competitiva. Recursos propios SUBVENCION DENEGADA	2.192,32€	170 22799
ACONDICIONAMENTO DE NAVE MUNICIPAL PARA USOS CULTURAI E DEPORTIVOS. Mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais. Recursos propios SUBVENCION DENEGADA	7.905,99€	341 21000
REHABILITACIÓN DE ACCESOS E LAVADOIRO SOBRE ÁREA DE PROTECCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO. Actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a Concellos de Galicia en concorrencia non competitiva. Recursos propios SUBVENCION DENEGADA	6.419,04€	170 21000
PROXECTO REURBANIZACIÓN DO CONTORNO DO CASTELO DE PARGA. Plan de sostenibilidade Turística en destino. Recursos propios	41.000,00€	151 61900
TOTAL	62.283,39 €	

INGRESOS





Concello de Guitiriz

APLICACIÓN	DESCRICIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	62.283,39

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en Crédito Extraordinario e suplemento de crédito 2/2022 polo importe total de 97.283,39 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado con Remanente de Tesourería para gastos xerais derivado da anterior anulación e con maiores ingresos sobre os totais previsto no orzamento xeral para o ano 2022 conforme ao detalle de aplicacións e gastos e ingresos que se indican de seguido:

CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
MELLORA DE CAMIÑOS E ACCESOS	8.218,70	453 61900
MELLORA ACCESOS PUMARIÑO (PLAN UNICO 2022). EXP. 134/2022	11.000	450 61900
GASTOS DEFENSA DA ANTERIOR ALCALDESA E SECRETARIO MUNICIPAL	6.880,38	920 22604
ADQUISICIÓN DE CUADROS PARA AS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS	1.539,00	920 22199
CONVENIO DEPUTACION INVENTARIO OCUPACION	3.072,42	932 46100
PUMP TRACK GUITIRIZ SUBVENCION BOE	8.000,00	341. 62300
OBRA SANEAMENTO EMERXENCIA PARGA. EXP. 492/2022	43.056,02	160 61900
BOMBA DE ACHIQUE BOMBEO PISCINA	6.394,73	342 62300
ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE. OTROS	5.000,00	161 22799





Concello de Guitiriz

TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS		
ADMINISTRACION XERAL. TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	4.122,14	920 22799
TOTAL	97.283,39€	

APLICACION	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de tesoureria para gastos xerais.	62.283,39
29000	Imposto sobre construcións, instalacións e obras	35.000,00
	TOTAL	97.283,39

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

CUARTO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Aberto o debate pola Presidente o voceiro do Partido Popular di que nos atopamos novamente cun expediente de modificación de crédito por importe de 97.283,39 € para facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación algunha. Son cinco subvencións denegadas, pola súa mala xestión, por importe de 62.283,39 €, que sería a achega que tería que facer o concello e por outra parte son cartos que procedían do remanente de tesourería.

Sabe vostede Sra. Alcadesa que os informes de intervención deste concello aconsellan prudencia?

Calquera persoa que lea esta informe poderá observar onde inviste este concello os cartos.

O voceiro do BNG di que se solicitaron catro ou cinco subvencións que foron denegadas, polo tanto a parte que aportaba o concello do remanente de tesourería anulase e tamén se anula desta modificación de crédito os 41.000 euros que ían a reurbanización do contorno do castelo de Parga e non hai ningunha xustificación.

Agora presentan un novo crédito extraordinario e suplemento de crédito 2/2022 por





Concello de Guitiriz

importe de 97.283,39 € con cargo ao remanente de tesourería por valor de 62.283,39 € e 35.000 € de maiores ingresos.

Vemos tamén cun dos conceptos deste crédito extraordinario por importe de 11.000 € vai para o Plan Unico da Deputación.

Todo isto pasa porque vivimos das subvencións e nunca temos a seguridade de que nolas vaian a conceder.

Analizando punto por punto vemos que se destina 8.218,70 € para amañar accesos a camiños pero non sabemos que camiños son.

Mellora de accesos a Pumariño parécenos necesarios e xa ven explicado que é do Plan Unico.

Gastos defensa da anterior alcaldesa e secretario municipal 6.880,38 parécenos surrealistas ter que pagar algo que fixeron dúas persoas fai catro anos, baixo a súa responsabilidade e que agora o teñamos que pagar os habitantes deste concello.

Adquisición de cadros para as dependencias municipais por 1.539,00, non o vemos pero igual fan falla.

Convenio Deputación inventario ocupación por 3.072,42 €, non sabemos a que se refire porque non o pon.

Pump Track Guitiriz por 8.000,00 euros, tampouco sabemos que é.

Obra saneamento emerxencia en Parga por 43.056,02 €, é unha obra de emerxencia polo tanto hai que facela.

Bomba de achique bomba piscina por 6.394,73 euros, si fai falla hai que mercala.

Abastecemento de auga potable por 5.000,00 euros, non sabemos a que se refire concretamente este traballo.

Traballos realizados por outras empresas por 4.122,14 €, non podemos opinar si saber a que se refire concretamente.

A Sra. Alcaldesa di que a memoria que consta no expediente explica os motivos das distintas partidas que figuran nesta modificación orzamentaria.

A mala xestión sería que, si os cartos que tiñamos pensado gastar nestas subvencións, que nos denega a Xunta, os deixáramos sin gastar e como non queremos que pasen a forma parte do remanente porque ao mellor o ano que vén non nos deixan gastalos invertémoslos en cousas que consideramos necesarias e oportunas.

Intervén a interventora e explica que o plantexamento do expediente era que a vista de que estas subvencións foron denegadas e como había prevista unha achega municipal no anterior expediente de modificación de crédito e unida ao proxecto do contorno do castelo de Parga que estaba como fondos propios o que supón e que teñamos que dar de baixa 62.283,39 € que estaban con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais. Isto nos permite que podamos usar ese remanente para outras propostas que tiña o equipo de goberno plantexadas.

A súa vez hai maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento segundo consta no meu informe.

As partidas mais xenéricas que son as de “abastecemento de auga” e “administración xeral” son para poder dotar partidas de gastos habituais e así ter crédito ata final de ano.

No caso da partida de “mellora de camiños” temos que ter en conta que se aprobou un Real Decreto tanto polo Estado como pola Xunta que permite a revisión de prezos nos contratos de obras e ao mellor temos que aplicalo polo que se fai necesario ter unha previsión por si se chegara a dar esa situación.

O voceiro do PP di que si as subvencións se presentan en tempo e forma diante dos





Concello de Guitiriz

organismos oportunos sempre as conceden, é froito dunha mala xestión por iso imos votar en contra.

O voceiro do BNG di que cree que os remanentes de tesourería deberían ser para outras cousas, non por exemplo para “cadros nas dependencias municipais”. En definitiva, teñen a maioría e gastan os cartos como lles da a gana.

A Sra. Alcaldesa di que si o maior problema que ten este concello é, que nesta ocasión o equipo de goberno ten a maioría e gasta os cartos como cree que debe de gastalos, si ese é o maior problema que temos que afortunados somos.

Por exemplo os gastos para defensa xurídica páganse agora porque foi o xuízo agora, tiveron unha demanda, tanto o secretario como alcaldesa, e o xuíz fallou ao seu favor e como foi no exercicio do seu cargo, tanto do secretario como da alcaldesa, a lei permítelles pedir a administración na que desempeñaban eses cargos o abono dos gastos que tiveron.

En canto aos cadros, dende que chegamos intentamos apoiar aos artesáns que temos no concello posto que nos parece importante colaborar coa xente que se dedica a cultura, arte etc.

En canto ao convenio da Deputación, no ano 2018 asinouse un convenio con esa Administración para facer o inventario das liñas eléctricas que pasan polo concello para logo poder cobrar a taxa correspondente, a sinatura dese convenio conlevaba que o concello tiña que facer unha achega económica.

En canto ao Pump Track tratase dunha nova subvención a través da Rede de Cidades Saudables da que formamos parte, tratase de subvencións para facer fundamentalmente pistas deportivas, rutas saudables para andar en bicicleta e poden chegar a subvencionar 40.000 euros e necesitamos os 8.000 euros como aportación propia e no caso de que nola deran este ano xa poderíamos executala.

Respecto aos 41.000 da reurbanización do contorno do castelo de Parga anúlense porque aínda non esta resolta a subvención e ante a previsión de que non se ía resolver pronto e aínda no caso de que así fose non nos vai dar tempo a licitala dentro deste ano polo que a incluiremos nos orzamentos do ano que vén.

Votación: Aprobado cos votos a favor PSOE, en contra PP e abstención BNG.

Expediente 632/2022. Procedemento Xenérico. Moción PP

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 4, En contra: 7, Abstencións: 1, Ausentes: 0

O voceiro do PP da lectura a moción:

“Exposición de motivos:

O Concello de Guitiriz ten 18 parroquias, máis a vila de Guitiriz non só pertence a parroquia de San Xoán de Lagostelle, se non que é a capitalidade municipal. A día de hoxe segue tendo a súa importancia a nivel provincial, xa que non só viven nela unhas dúas mil persoas, se non que dos 67 concellos existentes na provincia ocupa o





Concello de Guitiriz

décimo posto en número de habitantes. Sabedores e coñecedores de que é a capitalidade municipal, as festas patronais na honra de San Xoán non só equivalen as parroquiais, se non que representan dalgunha maneira, as festas de todo o noso Concello, e por iso o Concello forma parte delas directa ou indirectamente e, por iso, o día de San Xoán é festivo en todo o termo municipal.

A corporación Municipal e os seus invitados forman parte da representación de autoridades durante os actos solemnes relixiosos sociais festivos, máis os aperitivos que sirven a continuación nun dos chigres no campo da festa non só interveñen autoridades, se non que son compartidas co resto do pobo que se atope alí, xa que estas festas son moi importantes para o devir de todos os habitantes do noso Concello e a diferenza co resto das outras festas patronais noutras parroquias é que nas de Guitiriz participa o Concello e a súa Corporación Municipal e nas outras non.

Debido a repercusión social que houbo este ano, xa que foi unha vergoña, ademáis de ser ás peores festas do presente século, dende o Partido Popular de Guitiriz pensamos que o Concello ten que tomar cartas no asunto e asumir responsabilidade, e voulle explicar algún dos motivos porque o noso Concello ten que ser parte activa nestas festas que sendo parroquiais abranguen a toda á poboación do noso termo municipal.

O pleno da corporación con 7 votos en contra do PSOE, a abstención do BNG e 4 votos a favor do do PP non acadou a maioría necesaria para a aprobación da seguinte proposta :

- 1º- Este Concello ten 7 ediles con dedicación, a Sra. Alcaldesa e 6 concelleiros
- 2º- Que o Concelleiro de Cultura ou de Turismo sexa a súa vez Concelleiro de Festas, se encargue de nomear a comisión de ramistas por consenso despois de escoitar as xentes, ou ben que a comisión de ramistas nacente conte sempre entre eles co Concelleiro adicado entre outros mesteres as festas.
- 3º- Que exista un libro de rexistro de ingresos e de gastos, debidamente cumprimentado para que todos os veciños de Guitiriz saiban as cantidades aportadas e as persoas ou entidades que axudan, e o que pagaron os chigres e as distintas barracas, e desta maneira esteñan informadas todas as persoas da vila de Guitiriz, xa que o balance de ingresos e gastos debe ser sempre público
- 4º- Dado o malestar xeral dos veciños de Guitiriz e que a maior parte dos cartos son aportados pola Comunidade de Montes en Man Común da parroquia de San Xoán de Lagostelle, e polo tanto ese cartos son de todo o pobo, e dicir, de todos os veciños de Guitiriz, cremos que tamén ten que haber un representante desta Comunidade e, iso fará que haxa un control exhaustivo sobre as contas, que non haxa malestar por diversos motivos, entre os barraquistas, os chigureiros e a Comisión de festas, como está a acontecer últimamente, e todo isto xorde por falta de transparencia xa que hai anos en que non existe, e iso pode levar, como sigamos así, a que Guitiriz quede sin festas patronais."

Aberto o debate pola Presidente o voceiro do BNG di que estamos de acordo en varias afirmacións que nomean, como por exemplo que foron as peores festas de





Concello de Guitiriz

San Xoán deste século. Tamén estou de acordo con que ten que ser o Concello o que organice as festas patronais e colaborar doutra maneira coas distintas festas que temos nas distintas parroquias.

Non estou de acordo con que a corporación municipal e os seus invitados formen parte da representación, din vostedes de "autoridades", durante os actos solemnes relixioso, sociais festivos e menos que a corporación teña o privilexio de comer uns aperitivos e tomar uns viños.

Eu son un cidadán mais deste concello, non son mais que ninguén. Os veciños/as que votaron ao BNG fixérono porque estaban seguros que a xestión do concello ía estar en boas mans.

Tampouco estou de acordo en que o concello nomee xente para a súa organización, o normal sería que entre o Concello e a directiva do monte se organizase esta festa e o mesmo exemplo serviría para as parroquias.

Esta claro que dividir, no caso das festas, tamén prexudica, o exemplo témolo no que pasou este ano, o concello organizou a festa da torta de maínzo a primeiros de xuño e a Comunidade de Montes de San Xoán as festas de San Xoán e o resultado xa o vimos, un desastre as dúas. O mais normal sería xuntar as dúas polo San Xoán e así teríamos unha festa con moito mais contido e cunha axenda completa, e como dixen organizada polo concello e a Xunta de Montes.

Noutros concellos a principal festas patronal a organiza o propio concello e así as contas son transparentes e publicas.

A Sra. Alcadesa fai unhas precisións, primeiro dende que está este equipo de goberno os pinchos que se ofrecen no campo da festa non foron exclusivos para ninguén, ofrecéronse a todo o mundo que nese momento estaba ali acompañándonos. Segundo, a festa da torta de millo foi en maio no en xuño.

Todas estas queixas que acaban de nomear estanas expoñendo no sitio equivocado xa que deben de expoñelas na Asemblea da Comunidade de Montes de Lagostelle que é o encargado de pedir voluntarios para organizar a festa.

Nós intentamos axudar pero non houbo maneira, parte dos implicados non quixeron atender a ningún tipo de razón, nós intentamos negociar, pero non estaban pola labor de vir, é non foi posible.

Si quixeramos organizar as festas teríamos que ver como temos os orzamentos e canto poderíamos destinar e poñernos todos de acordo para que logo non houbera protestas.

En canto ao que pon na moción, de que os cartos son de todo o pobo, iso non é así posto que son dos comuneiros de Lagostelle xa que hai veciños/as de Guitiriz que non son comuneiros.

O voceiro do PP di que os aperitivos que se serviron nun dos chigres é importante que se saiba que os pagou o concello e que podían desfrutar deles calquera persoa que se atope alí.

O voceiro pon de manifesto o resultado desastroso das festas de San Xoan, a primeira vez con menos autoridades nesta festa, as peores festas dende fai dúas décadas, celebrouse a festa dos nenos/as no pavillón cando este non se presta para outra actividades, non había apenas anuncios publicitarios, non se puxeron as barracas etc.

Intervén a alcaldesa para aclarar que o seu equipo de goberno préstalle o pavillón a quen o solicita porque se mercou un solo que protexe o pavimento onde se xoga e





Concello de Guitiriz

pode utilizalo todo o mundo que o necesita e o colexio estivo usando o pavillón durante o período escolar para as actividades dos nenos/as.

O voceiro do BNG di que el non pode votar os acordos que se presentan nesta moción por iso propoño o seguinte: o primeiro punto elimínalo, que o segundo punto sexa que organice o concello as festas, o terceiro que as contas sexan públicas e o cuarto que colabore a Comunidade de Montes de Lagoselle.

A Sra. Alcaldesa di que a Feira dos Callos non a organiza o concello senón a Comunidade de Montes, o concello colabora a través do Plan Único da Deputación pero tamén colaboramos con algunhas romerías economicamente mediante subvencións e con outras con medios materiais e como a de Lagostelle non se lles dá subvención pois colaboramos desa forma, ofrecendo pinchos gratis para quen queira estar ali.

Eu falei coa Comunidade de Montes para ofrecermos dende o concello para organizar as festas do ano que ven e o que me transmitiron é que si o concello organizaba as festas igual tiñan que replantearse a cuestión económica, tendo que valorar si aportan ou non economicamente.

Cando a Comunidades de Montes acepte colaborar economicamente a partes iguais co concello para organizar conxuntamente as festas os grupos políticos decidiremos como facelo, pero mentres non haxa ese acordo de colaboración eu non vou comprometer os orzamentos do concello.

En canto a data da festa da torta de millo acordouse cos produtores.

O voceiro do PP di que en definitiva, queren que o concello organice as festas en colaboración coa Comunidade de Montes e que as contas sexan públicas.

Votación: Rexeitada cos votos en contra do PSOE, a favor do PP e abstención do BNG

Expediente 474/2022. Peche e Liquidación do Orzamento

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 1, Abstencións: 4, Ausentes: 0

A alcaldesa explica a urxencia e procedese a votación da urxencia quedando aprobada por unanimidade.

“ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ANO 2021.

De acordo co apartado primeiro do artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente. No apartado 2 do dito artigo dispónse que a Conta Xeral formada pola Intervención será sometida a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

De acordo co establecido no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entre as funcións das Comisións





Concello de Guitiriz

Informativas (entre as que se atopa a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno deste Concello) atópanse as de “*estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno*”, sen embargo o artigo 20.1.e) da Lei de base de réxime local establece como obrigatoria a Comisión Especial de Contas, cuxas funcións son, como dicta o artigo 67 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia as de exame, estudo e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais.

A Conta Xeral quedará exposta ao público mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, durante os cales os interesados poderán examinar e presentar reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, modificado na disposición final décimo novena da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021.

No caso de que non se presenten reclamacións, reparos ou observacións durante o período de exposición pública non se volverá a celebrar Comisión Especial de Contas e o expediente, xunto co dito informe elevaráse directamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

Cumprimentado en data 21/07/2022 (BOP nº 148 DE DATA 30/06/2022) o trámite legal de exposición ao público da dita Conta Xeral, previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e sen que se presentara ningunha reclamación (informe rexistro 22/07/2022), procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas a proposta de aprobación da conta xeral.

A Sra. Alcaldesa xustifica a urxencia da inclusión na orde do día como consecuencia da necesidade de enviar a documentación preceptiva ao Consello de contas en prazo, procedendo o Pleno a incorporación do asunto na orde do día por unanimidade dos seus asistentes e aprobando o fondo do asunto cos votos favorables do PSOE, coa abstención do PP e co voto en contra do BNG :

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Guitiriz correspondente ao exercicio económico 2021 nos termos que constan no expediente, integrada polas Contas Anuais do propio Concello e a documentación legalmente establecida.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais,





Concello de Guitiriz

aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.”

Aberto o debate pola Sra. Presidente o voceiro do PP di que neste concello hai 76 persoas traballando entre funcionarios e persoal laboral fixo e iso é unha gran carga económica, non so en soldos sinon tamén en seguridade social que soporta este concello é que hai que pagar mensualmente, por iso este gasto, preto do 60% do orzamento do concello e sin contar co persoal eventual que se contrata que xunto cos funcionarios/as e persoal laboral fixo suman mas de 100 persoas traballando e ven e di que non hai persoas suficientes para realizar as tarefas do concello. Isto non hai que no entenda pois para facer traballos extraordinarios xa se contrata persoal eventual que polo xeral pagan as outras administracións, por iso o PP de Guitiriz non entende que a día de hoxe que xa vai medio verán pasado estean as rúas sen limpar, os camiños sin desbrozar na súa totalidade, as beirarrúas sen lavar, as pistas sen rozar en toda a súa totalidade e as estradas cheas de fochancas ou mal arranxadas como a que vai a San Breixo de Parga ou en moi mal estado como a que vai a Pedrafita ou ben a Estrada de Pigara a San Salvador de Parga pasando por Santa Cruz de Parga.

Como quere que aprobemos a Conta Xeral si é un despropósito porque vostede non repara en gastos como publicidade, entre outros, porque lle favorece politicamente pero os veciños non son parvos e non leen ese xornal pagado que non representa ao noso concello sinon ao seu partido, vostedes fan propagando do seu, do PSOE de Guitiriz.

Dado que non están a facer o seu traballo este concello non funciona e por iso hai un desorden total, é suficiente con ver os plenos, metendo os documentos a ultima hora, as convocatorias de aquela maneira.

Dígolle con satisfacción que neste concello traballa máis a oposición que vostedes e iso lles guste ou non é a realidade, fale cos veciños/as e diranlle que non fan nada de nada.

O voceiro do BNG di que, parece ser que a Conta Xeral debe ser o fiel reflexo contable da realidade económico patrimonial do Concello de Guitiriz, e digo parece ser porque sempre se aprobaron as contas do ano anterior polo equipo de goberno.

Temos que ter en conta que a Conta Xeral enmarcouse dentro da excepcionalidade permitida polo Goberno respecto a Lei de Estabilidade Orzamentaria, regra de gasto e débeda publica que tivemos nestes dous últimos anos, pero seguimos dicindo que como non existe un inventario municipal de bens perfectamente actualizado non se pode comprobar si coinciden as contas do inmovilizado que aparecen no activo do balance e a valoración dos bens do inventario. Entendemos que isto non é doado pero tampouco se intenta facer, por exemplo, o concello acaba de recibir unha doazón dunha finca que supón un incremento notable dos bens desta administración e non sabemos cando o van facer publico porque os veciños e veciñas teñen que saber desta doazón.

Tampouco hai un inventario separado dos bens materias que ten o concello, porque non se fai se o esixe a lei?, temos que ter o patrimonio municipal do solo debatido e acordado en Pleno, polo tanto os órganos competentes, que son vostedes, ata o de agora non o fixeron e no tempo que lles queda ata rematar a legislatura no o van





Concello de Guitiriz

facer.

A Sra. Alcaldesa di que a Conta Xeral xa foi a Comisión de Contas e aquí traémola para aprobala e elevala ao Consello de Contas que é quen a fiscaliza.

En canto a finca que doaron da que fala o voceiro do BNG dicir que non o fixemos publico porque aínda non esta a nome de Concello. Dende aquí dou as gracias publicamente a familia por ese recoñecemento que tivo esa persoa con esta institución e con todas as institucións que forman parte do noso Concello.

O voceiro do PP di que sen inventario non pode haber unha Conta Xeral en condicións e que faltan por inventariar cousas que son municipais, hai camiños que non están inventariados.

O voceiro do BNG di que a rendición de contas constitúe a principal garantía de transparencia na xestión económica do Concello, Guitiriz como o resto das entidades locais integrantes do sector publico esta obrigado cada ano a informar ao remate de cada exercicio da contabilidade exercida para o seu seguimento polo resto das forzas políticas que non están no goberno.

Xa me dirán vostedes como se pode votar a favor de algo que esta incompleto.

Intervén a interventora para dicir que a votación da Conta Xeral no Pleno fai referencia a votación administrativa do expediente.

Votación: Aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra BNG e abstención PP.

B) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

ROGOS PP

-Se arranxe a Escola de Romariz na parroquia de Pedrafita cuxa titularidade é do Concello. Vostedes déronlle permiso aos boy scouts para pernoctar cando estaba unha fiestra chea de silvas, a balastrada de madeira rota, parede chea de mofo e un niño de velutinas e permítenlle que durman nela nenos/as de nove e dez anos. Isto chamase deixamento por parte do goberno municipal.

-Rogamos que os cans que hai no canil municipal sexan tratados en boas condicións xa que o estado que presenta o canil non so é deficiente senón que non cumpre ningún punto da normativa que se esixe para ter animais. Esta todo cheo de maleza e si hai un incendio arden os cans.

-Rogamos que se cambien os taboleiros onde se poñen os anuncios municipais e necrolóxicas xa que con tanta grapa non se pode cravar neles e polo tanto o concello debería arranxar esos paneis.

-Se limpe a maleza da ponte que cruza a vía do ferrocarril que vai a Mariz e tamén a





Concello de Guitiriz

maleza da ponte de Toar en Sambreixo de Parga por estar moi mal rozada, as varandas rotas e inclinadas e débense repoñer.

Se limpe a maleza na ruta da Auga xa que hai algún sitio polo que non se pode pasar. Poñan retretes móbiles en distintos puntos por estar a ruta chea de excrementos humanos, xa sexa na parte do río Forxa como no río Parga.

-Rogamos se limpe a ponte medieval de Parga e a fochanca que hai ao seu carón por estar toda furada por baixo bota moito cheiro xa que temos coñecemento de que as augas fecais foron potabilizadas, pero fixéronse posteriormente análise de covid da auga e de outro tipo de medicamentos?

-Se poña un contenedor fixo preto do cemiterio de San Salvador de Parga e puntos de luz e poñan luz publica na Rúa Xermolos de Guitiriz e bancos nas rúas de Guitiriz e Parga.

-Se limpen as fincas urbanas que hai en Guitiriz e Parga e tamén o río Parga.

Intervén a alcaldesa para aclarar que non hai ningunha autorización por escrito por parte do concello para utilizar a escola de Pedrafitas para durmir. Púxose en contacto comigo o presidente da Comunidade de Montes de Pedrafitas e díxenlle que consideraba que a escola non estaba apta para durmir.

ROGOS BNG

-Se comunique a Conca Hidrográfica ou Augas de Galicia que retiren as árbores caídas no río Ladroil.

-Se reconsidere a petición de varios veciños/as e se manteñan algúns contenedores ao lado da parada de taxis de Guitiriz, si se mellora a frecuencia na recollida e se limpan os contenedores non é necesario o traslado.

-Se arranxen as fochancas do paseo do balneario.

-Se traslade a Xunta a limpeza dos camiños de servizo da estrada do Mesón da Cabra a Moman posta que esa estrada é da Xunta.

-Se recoloque o paso de Torrevella posto que se limpou o camiño que baixa da igrexa ata o paso e logo non se pode pasar.

-Se arranxe o pavimento da maioría das beirarrúas.

-Antes de sacar un bando como este que di “os colectores de lixo soterrados sitios detrás da capela do Ecce Homo están en proceso de arranxo polo que se prohibe o seu uso. As persoas que fagan uso deles poderán ser sancionadas segundo a lexislación vixente”. O normal sería que sacara un bando antes de que comezaran as obras para comunicarlle a xente que non depositara lixo ali porque a veciñanza non ten porque saber que os ian sacar.





Concello de Guitiriz

PREGUNTAS

PREGUNTAS PP

Do pleno anterior.

Cantos traballadores/as están de baixa a día de hoxe?

Resposta: O día 26 de maio de 2022 había quince persoas de baixa e a día de hoxe hai seis.

Deste pleno

1-Onde se pretendía facer a residencia de maiores en Parga quen devolveu os cartos a Comunidade de Montes de Parga, o propietario da finca ou o concello?

Resposta: Como non foi durante o meu mandato teño que miralo que non o sei, pero dende que estamos nos o concello non foi.

2-Cando ten previsto rematar os desbroces, a ruta da auga da vergoña?

Resposta: Desbrozouse a semana pasada pero xa se desbrozara outra vez.

3-Nas bolsas de emprego constan as renuncias de todas as persoas que non aceptaron o posto?

Resposta: En todas as contratacións hai un informe de chamamentos que fai o técnico correspondente segundo a bolsa de que se trate e si algunha persoa ten dúbidas sobre algunha contratación que presente un escrito para ver o expediente.

4-A Casa da Botica caeu ou a tiraron?

Resposta: Caeu un cacho e despois acabouse de derrubar.

5-Como se están a xestionar as limpezas das malezas a beira das vivendas nas vilas?

Resposta: Como nos permite a lei.

6-Cal foi o motivo polo que se sacaron os contenedores soterrados do Curro Vello e pódenos dicir si o Ministerio de Fomento parou esa obra e porque?

Resposta: Non hai ningunha paralización formal por parte de Fomento.

7-Vanse a lavar as beirarrúas das nosas vilas?

Resposta: Lavaranse as beirarrúas.

8-Cando ten pensado arranxar as fochancas do aparcadoiro que ten alugado o concello na Rúa Boa Veciña?

Resposta: Faremos a memoria correspondente e arranxarase.

9-Cando ten pensado arranxar a estrada que vai de Pigara ata San Salvador de Parga pasando por Santa Cruz?

Resposta: Rebacheouse fai pouco pero estudárase a petición.

10-Esta autorizada por educación a marquesiña que hai no Buxio en Parga, ten o





Concello de Guitiriz

concello os informes pertinentes?

Resposta: A parada esta recoñecida por educación.

PREGUNTAS BNG

1- A auga da traída de Guitiriz volveu a saír de cor marrón, pode dicirnos a que é debido e que esta a facer o concello para solucionar este problema que cada ano esta presente nos fogares de Guitiriz?

Resposta: Mentres non se reciba o obra da potabilizadora da auga a encargada de manter a auga en condicións óptimas é a empresa que esta facendo a obra e dende o concello cando hai algún problema comunicáselles a eles para que o corrixan na forma oportuna.

2- Remataron as obras da chapuza que se fixo no Curro Vello que aparte de eliminar os contenedores soterrados, en vez de avanzar retrocedemos, e a fonte segue igual.

Resposta: A obra esta sen finalizar e sin recibir.

3- Que día se abriu ao publico a piscina dos Sete Muiños e que problemas tiveron, a parte de que o céspede a día de hoxe segue sendo deficiente, coa piscina dos mais pequenos?

Resposta: A piscina abriuse o día que estaba proxectado para abrirse e apta para o baño.

4- Porque se abandonan a maioría dos traballos que se comezan no concello, non se entende como andan dúas persoas lendo os contadores da auga e so unha rozando ou limpando?. Non lle parece un pouco surrealistas estas situacións?

Resposta: Os traballos planifícanos os traballadores.

5- Porque non se cobren as prazas de persoal que hai no concello que están en excedencia, de baixa ou vacacións?

Resposta: Todos os postos que están en excedencia están cubertos por outra persoa. As baixas cóbrense si se considera que é necesario e para vacacións nos servizos que son esenciais tamén se contrata persoal.

6.- Estes anos o concello poñía dúas persoas na loita contra o lume a fronte da motobomba, este ano non hai, é debido a que non hai persoal ou pola avaría da motobomba?

Resposta: O ano pasado pedimos a subvención e déronnola para dúas persoas e para cubrir unha das prazas non conseguimos persoal o que fixo que tiveramos que tirar dunha persoa do concello entón a vista do que nos estaba custando conseguir persoal decidimos non pedir esa subvención.

En canto a motobomba esta no taller para arranxar.

7.- Levan ao cargo da xestión do concello tres anos e dous meses, lévanse todo os meses oito mil e pico de euros dos impostos das 5.460 persoas empadroadas no concello cun montante de 114.000 euros ao ano que fan nos tres anos e dous meses que levan na xestión preto de 360.000 euros. Despois de todo isto Guitiriz esta moito peor nos servizos públicos que cando comezaron, non lle parece Sra. Alcaldesa que para o que fan están cobrando moitos cartos de todos os cidadáns do concello?





Concello de Guitiriz

Resposta: Non vou responder a esa pregunta.

8.- Pode dicirnos porque non se reparan as maquinas de traballo que están avariadas e porque non se adecenta a explanada da nave do Senpa, non sei si se dá conta de que é un reflexo de como esta o concello.

Resposta: Non vou contestar.

9.- As rutas que ten publicadas o concello están en moi mal estado de conservación e limpeza, porque se seguen a promocionar as devanditas rutas de sendeirismo sinon se pode andar por elas?. Sabemos que antonte comezou a limpar a ruta do Rio Requeixo e estamos a 28 de xullo e como de costume antes de rematar este traballo que comezaron antonte iran para outro.

Resposta: Non vou contestar

10.- Rematar, licitar e recibir as obras do Centro de Persoas Maiores na data limite de 1 de xullo de 2022 que se executaran na parcela da Casa da Botica, a vixencia do presente convenio rematará o 2 de agosto, e dicir, dentro de cinco días, salvo prorroga que o acaban de facer estes días atrás. Non lle da vergoña facer un novo convenio coa Deputación enganando aos cidadáns?.

Resposta: Non me da vergoña porque vai supoñer un investimento de case dous millóns de euros para o concello sen que este teña que aportar un euro mais.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

